

CURSO F1401007

INTRODUCCIÓN ÁS TÉCNICAS DIAGNÓSTICAS EN

BIOLOXÍA MOLECULAR

Venres 5 de setembro do 2014

PRÁCTICA 8: FAST BLAST DNA STAIN

PROTOCOLO:

- ☐ 1) Preparar 100 ml de xel de agarosa ó 1 %:
- ☐ 2) Nun matraz erlenmeyer poñer 100 ml TBE 1x.
- ☐ 3) E 1 g de agarosa.
- ☐ 4) Quentar o matraz coa agarosa no microondas a unha potencia media-alta un par de minutos, vixiando que non ferva demasiado para que non desborde nin se evapore de máis. Repetir ata que estea completamente disolto (o xel estará tan líquido que ó parar de remexer desaparecerán por completo as burbulliñas que se formen), remexendo cada vez que se pare o microondas mediante movementos circulares da base do matraz, tendo moito coidado de que a boca do matraz non apunte a ninguén (o movemento desencadeará a ebulición e pode disparar xel fervendo).
- ☐ 5) Deixar arrefriar un pouco (por enriba dos 65 °C, se podería tocar o frasco sen que producise queimaduras). Pódese poñer a base do matraz debaixo dunha billa para acelerar o proceso.
- ☐ 6) Engadirlle 66 ul de Fast Blast DNAa Stain 500X e remexer suavemente para disolver, tendo coidado de que non se formen moitas burbullas (demasiado frío).
- ☐ 7) Verter o xel en cadansúa bandexa de electroforesis (co peite para facer os pociños de carga). Apartar ou eliminar as burbullas e sucidade cunha punta de pipeta ou papel de aluminio.
- ☐ 8) Deixar arrefriar (pódese acelerar meténdoo na neveira).
- ☐ 8) Correr o xel en 300 ml de TBE 1X con 200 ul de Fast Blast DNAa Stain 500X